



## **INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO**

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e logo de ver o “Proxecto de Decreto de cooperación para o desenvolvemento”, emite o seguinte

### **INFORME**

#### **1.Marco normativo e competencial**

O presente decreto dítase no exercicio das competencias autonómicas exclusivas en materia de procedementos administrativos que se deriven da organización propia dos poderes públicos galegos recoñecida no artigo 27.5 do Estatuto de autonomía de Galicia e en materia de desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado, nos termos que a mesma estableceza, no que se refire a réxime xurídico da Administración Pública de Galicia e réxime estatutario dos seus funcionarios, recoñecida no artigo 28.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, dentro do marco legislativo ditado polo Estado no exercicio da súa competencia exclusiva en materia de relacións internacionais, establecida no artigo 149.1.3ª da Constitución española ademais da competencia do goberno na dirección da política exterior establecida no artigo 97 da Constitución española e amparada na declaración incluída no seu preámbulo no que se sinala que a nación española proclama o seu compromiso de colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre todos os pobos da Terra, así como nos termos sinalados pola doutrina do Tribunal Constitucional en relación a que a cooperación para o desenvolvemento forma parte da acción exterior do estado permitida ás comunidades autónomas.

A Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, sinala que a política de cooperación internacional para o desenvolvemento constitúe un aspecto fundamental da acción exterior dos Estados democráticos en relación con aqueles países que non conseguiran o mesmo nivel de desenvolvemento, baseada



nunha concepción interdependente e solidaria da sociedade internacional e das relacións que nela desenvólvanse.

No marco disposto pola lei estatal, coa aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, modificada pola Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes, aliviar e corrixir as situacións de pobreza e propiciar un desenvolvemento humano solidario e estable, que inclúa maiores cotas de liberdade e unha repartición máis xusta dos froitos do crecemento económico.

A competencia para iniciar os trámites e impulsar a instrución do “ proxecto de decreto de cooperación exterior”, correspóndelle á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea de acordo co disposto no Decreto 235/2012, do 5 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Asemade, en virtude do artigo 12 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, correspóndelle á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, a través do Servizo Técnico Xurídico, o estudo e tramitación dos anteprojectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos da Consellería.

## 2. Acerto e oportunidade

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, recolle a necesidade do seu desenvolvemento regulamentario.

Neste marco publicouse o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, que foi modificado polo Decreto 90/2011, do 5 de maio.



A cooperación descentralizada e as diversas modalidades nas que esta se manifesta están inmersas nun proceso evolutivo, o que fai necesario unha actualización da normativa de desenvolvemento, actualizando, clarificando, simplificando e facendo máis operativos e eficaces o rexistro de axentes, os órganos de coordinación e asesoramento, as relacións interadministrativas, a xestión das subvencións para os proxectos de cooperación. Así mesmo regúlase de maneira pormenorizada a posibilidade de que o persoal empregado público colabore en proxectos de cooperación para o desenvolvemento. Doutra banda, unifícase nun só texto a normativa de desenvolvemento existente.

### 3. Xustificación do cumprimento do principio de calidade normativa

De acordo co establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, para alcanzar a racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, o presente anteproxecto de decreto ven a unificar nunha soa norma a distinta normativa dispersa na materia de cooperación para o desenvolvemento co fin de acadar un marco normativo estable e o máis simplificado posible que posibilite o coñecemento rápido e comprensible da normativa vixente que resulte de aplicación, e sen máis cargas administrativas para a cidadanía e as empresas que as estritamente necesarias para a satisfacción do interese xeral.

#### Principio de necesidade

O anteproxecto de decreto que se tramita xorde principalmente pola necesidade de regular as cuestións derivadas das novidades que se establecen en distintas normas legais que afectan á cooperación para o desenvolvemento como a lei do emprego público de Galicia, a lei de garantía da calidade dús servizos públicos e da boa administración ou a lei de racionalización e sustentabilidade da administración local. É necesario por tanto adaptar a normativa regulamentaria vixente ao novo marco legal.

#### Principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, simplicidade e eficacia.

Aproveitando a necesidade de adaptar a normativa ás novas disposicións legais, optouse por incluír nun único texto todas as cuestións relativas á cooperación ao



desenvolvemento, tentando conseguir que sexan de fácil comprensión e entendemento en aras a unha maior simplificación.

Ao mesmo tempo, derróganse o Decreto 326/2004, de 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para ou desenvolvemento e polo que se crea ou Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para ou Desenvolvemento e o Decreto 90/2011, de 5 de maio que modifica o anterior. De tal xeito trátase de evitar con este texto único que volve regular as materias contidas nos devanditos decretos derogados, as dificultades de manexo de varios textos con normativa derogada que poden producir situacións non desexadas respecto da previsibilidade de cal sexa o dereito aplicable, e desta maneira asegurar o respecto do principio de seguridade xurídica.

Na norma regúlase o Consello Galego de Cooperación para ou Desenvolvemento, órgano no que se unifican a totalidade das funcións de consulta, participación e asesoramento en materia de cooperación para ou desenvolvemento. Este Consello xunto co Plan Director cuadrienal, documento de planificación que servirá de referente para a avaliación de resultados, son dous elementos fundamentais na estruturación de cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma galega porque están concibidos para garantir a obtención dos obxectivos, fins e metas propostas e asignadas, co espírito de optimizar os recursos e con iso facer efectivo o principio de eficacia.

#### Principio de transparencia y accesibilidade

Para facer efectivos os principios de transparencia e accesibilidade na tramitación desta norma facilitouse a información necesaria aos cidadáns, neste sentido, publicouse o texto do proxecto de decreto na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para coñecemento de todas as persoas interesadas e concedeuse un prazo para poder formular as alegacións que se considerasen oportunas. Paralelamente remitiuse a todos os membros do Consello Galego de Cooperación para ou Desenvolvemento para que puidesen achegar as súas suxestións. Buscábase con isto a máxima participación e difusión na elaboración da norma



De tal xeito o presente anteproxecto cumpre cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia esixidos na dita lei.

#### 4. Estrutura da norma

O decreto estruturase nun capítulo preliminar que regula o seu obxecto e 5 capítulos: o capítulo I regula o Rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento; o capítulo II, o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode); o capítulo III, a cooperación internacional para o desenvolvemento das entidades locais galegas; o capítulo IV, a licenza para participación en proxectos de cooperación; e o capítulo V, as normas específicas para a xestión de axudas e subvencións en materia de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria.

O capítulo I refírese ao rexistro galego de axentes de cooperación, creado no ano 2004, que necesita unha nova regulación que facilite a xestión do mesmo co fin de que a información recolleita mantéñase actualizada, conseguindo o máis alto nivel de fidelidade do Rexistro á realidade. As principais novidades que incorpora o decreto son a tramitación telemática das solicitudes de inscrición, a simplificación do procedemento de actualización dos datos e a clarificación do procedemento de modificación e cancelación das inscricións.

O capítulo II regula o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento que é, dende a aprobación da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, o órgano no que se unifican a totalidade das funcións de consulta, participación e avaliación en materia de cooperación para o desenvolvemento: unificación das funcións dos 3 órganos anteriores (o Consello galego de Cooperación, a Comisión Interterritorial e a Comisión Interdepartamental) nun so que terá reforzadas as súas competencias (o novo consello Galego de Cooperación). Así mesmo actualízanse os representantes dos departamentos que realizan actuacións na materia de cooperación (coa inclusión de novos representantes



da area de igualdade e da area de turismo) e a inclusión de representantes da FEGAMP.

O capítulo III recolle as normas en relación ás actuacións de cooperación para o desenvolvemento das entidades da administración local. Neste punto 2. As entidades locais galegas que pretendan realizar actividades de cooperación para o desenvolvemento deberán solicitar os informes previstos no artigo 7.4 da Lei 5/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 3.4 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, nos supostos e de acordo co réxime previsto nas ditas Leis. Por tanto precisase no Decreto a esixencia legal da necesidade de que, a fin de evitar duplicidades, as actuacións de cooperación para o desenvolvemento das entidades da administración local teñan o informe favorable previo da administración autonómica.

O capítulo IV refírese á licenza para a participación das persoas empregadas públicas en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, recollida por primeira vez na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa finalidade fomentar entre este colectivo o valor da solidariedade mediante a súa integración en proxectos de desenvolvemento que os axentes de cooperación estean levando a cabo en países empobrecidos. Tal e como establece a propia Lei 2/2015 establécense dous tipos de licencias: unha que se propón de carácter retribuído para o caso de proxectos promovidos ou cofinanciados pola Xunta de Galicia ou as administracións públicas galegas e outra sen retribución para participar en proxectos ou programas de cooperación non promovidos nin cofinanciados pola Xunta de Galicia ou as administracións públicas galegas.

Finalmente, o capítulo V profunda nas especialidades das axudas e subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento; estas constitúen o principal instrumento de fomento e revisten un carácter específico que as singulariza respecto da actividade xeral de fomento de actuacións de utilidade pública ou interese social. Do carácter singular e específico destas subvencións é consciente a propia Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que incorpora un réxime xurídico especial das mesmas ao dispoñer, que co obxecto de lograr unha maior



eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación internacional e acción humanitaria, poden establecerse sistemas específicos de xustificación e control do gasto adaptados á súa especialidade, que teñan en conta a necesaria flexibilidade e adaptación das normas xerais de réxime financeiro e orzamentaria aos proxectos de cooperación para o desenvolvemento.

## 5. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, o centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan (artigo 41.2. apartados a), b), d), da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade
- Unha memoria económico-financiera, coa estimación de ningún custo económico
- Unha táboa de vixencias.

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración do decreto asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto por parte da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2.c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, este publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigos 6.4 e 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Dado que o proxecto afecta aos dereitos ou intereses lexítimos de determinados grupos, o Servizo Técnico Xurídico someteu o proxecto á audiencia das seguintes entidades, así como tamén das distintas Consellerías da Xunta de Galicia (artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro):

- Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade (COGACOSOL)
- Coordinadora Galega de ONG para o desenvolvemento (CGONG)
- Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
- Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC
- Vicerrector de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo
- Vicexerente de Recursos Humanos da Universidade de Vigo

Nesta fase da tramitación formularon alegacións ao proxecto de decreto as entidades e centros directivos que de seguido se relacionan:

- A Vicexerencia de Recursos Humanos da Universidade de Vigo.
- O Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade (Fogacosol).
- A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento.
- A Axencia de Turismo de Galicia.

Posteriormente o Servizo Técnico Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que deben pronunciarse sobre o texto do proxecto.



Así, foi preciso solicitar informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, e informe sobre cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica Xeral.

Ao tratarse dun proxecto no que se regulan procedementos a instancia de parte, foi preciso solicitar o informe emitido conxuntamente polos órganos con competencias horizontais en materia de administración electrónica e simplificación de procedementos administrativos da Xunta de Galicia (artigo 6 da Lei 14/2013 de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Dado que o proxecto afecta ao réxime de persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico, solicitouse un informe á Dirección Xeral da Función Pública (artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral con repercusións en cuestións de xénero resultou preciso solicitar informe sobre o seu impacto de xénero (artigo 8 da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade entre homes e mulleres e artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Tendo en conta que a materia regulada polo proxecto de decreto é a cooperación para o desenvolvemento solicitouse o correspondente informe ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) (artigo 22.3.a) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento)

O 13 de abril de 2016 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia emiten conxuntamente informe favorable sobre o texto do proxecto de decreto.

O 25 de maio de 2016 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia estenderon conxuntamente unha dilixencia na que se ratifican no seu informe emitido o 13 de abril de 2016.



O 30 de maio de 2016 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu un informe con suxestións sobre o proxecto de decreto.

O 23 de xuño de 2016 a Dirección Xeral da Función Pública emitiu un informe favorable sobre o dito proxecto.

O 14 de xullo de 2013 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o dito proxecto.

O 22 de xullo de 2016 o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento emitiu informe no que propón a inclusión no seu texto de varias precisións.

Finalmente, a Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe o 27 de setembro de 2016, cuxas observacións foron contestadas segundo consta na memoria de data 28 de setembro de 2016.

O proxecto remitirase ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do preceptivo ditame, previa á súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia (artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2016

A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja